

A guerra das  
BRUXAS



VOLUME I

CLAN  
DA LOBA

• MAITE GARRANZA •

A guerra das  
BRUXAS

# O CLAN DA LOBA

MAITE CARRANZA



**rodeira**

*Título orixinal:* El clan de la loba

© Maite Carranza, 2005

© Ed. Gal.: Rodeira, 2008

Polígono de Pocomaco, sector A2, nave 16

15190 A Coruña

www.edebe.com

*Deseño de cubertas:* César Farrés e Marc Sala

*Tradución:* Pilar Saborido Otero

1.<sup>a</sup> edición, outubro do 2008

ISBN 978-84-8349-216-1

Depósito Legal: B. 39146-2008

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola Lei. Diríxase a CEDRO ([www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.



## PROFECÍA DE O

*É un día chegará a elixida, descendente de Om.*

*Terá lume no cabelo,  
ás, escamas na pel,  
un ouveo na gorxa  
e a morte na retina.*

*Cabalgará o sol  
e brandirá a lúa.*



## 1. *A desaparición de Selene*

A nena durmía no seu cuarto de teitos altísimos e paredes unha e mil veces encaladas. Un cuarto alegre nunha casa de aldea que recendía a leña e a leite acabado de ferver. As contras das fiestras estaban pintadas de verde, e verdes eran tamén os rombos do *kilim* que cubría o piso de madeira, os vales dos debuxos que adornaban as paredes e os lombos de varios dos libros xuvenís amoreados nos estantes a carón doutros moitos encarnados, amarelos, alaranxados e azuis. Abundancia de cores mesturadas con atrevemento nos coxíns, na colcha, nas caixas dos crebacabezas e nas babuchas abandonadas debaixo da cama. Cores da infancia, que xa non se correspondían coa ausencia de bonecas, relegadas ao fondo do armario, nin coa seriedade da mesa de traballo, ocupada case na súa totalidade por un Pentium de última xeración.

Se cadra, a nena xa non era tan nena ou, se cadra, si.

Pero fose aínda moi nena ou non, estaba lonxe de imaxinar que os acontecementos daquela mañá ían producir un xiro tan radical na súa vida que a obrigarían a deixar atrás, definitivamente, a infancia.

O sol entraba con forza pola abertura das persianas a medio cerrar mentres Anaíd, que así se chamaba a nena, rebulía inquieta e falaba en soños. Un raio de sol ascendeu

traballosamente pola colcha, alcanzou a súa man, desprazouse lento pero teimudo polo seu pescozo, polo seu nariz, polas súas meixelas e, finalmente, ao rozar as súas cerradas pálpebras, fíxoa acordar.

A Anaíd escapoulle un berro e abriu os ollos. Estaba confusa. Faltáballe o alento e resultáballe estraña a intensa luz que invadía o cuarto. Encontrábase nesa situación de entresoño na que aínda non se distingue con claridade o mundo real do soñado.

No seu pesadelo, tan vívido, corría e corría baixo a tormenta buscando acubillo na carballeira. Por entre o fragor da treboada podía oír a voz de Selene, que berraba: «detente!». Pero ela non facía caso da orde da súa nai. Ao seu redor, os raios caían sen parar, a centos, a miles, cegándoa, inundando a carballeira cunha choiva de lume. Finalmente, un raio alcanzouna e caeu fulminada ao chan.

Anaíd pestanexou e sorriu aliviada: o culpable da súa angustia fora aquel raio de sol atrevido que se filtrara a través das persianas do cuarto sen lle pedir permiso a ninguén.

Xa non quedaba rastro da tormenta eléctrica que a noite anterior castigara o val. O forte vento varrera as nubes, e os ceos, coa cara lavada, resplandecían coma a auga violeta dos lagos.

E esa luz tan intensa? Tan tarde era xa? Que raro! Como é que Selene aínda non a espertara para ir á escola?

Saltou da cama sen pensalo dúas veces e sentiu un arrepiño ao poñer os pés espidos sobre o *kilim*. Vestíuse, coma sempre, sen lle dedicar á súa indumentaria máis dun segundo e buscou apresurada o reloxo. As nove! Era tardísimo! Xa perdera a primeira clase da mañá. E a súa nai? Como é que Selene aínda non se erguera? Ocorreríalle algo? Sempre a espertaba ás oito, e xa eran as nove.

—Selene?

Chamou baixinho mentres empuxaba a porta do cuarto da súa nai e trataba de dominar a angustia do seu pesadelo, que comezaba a invadila de novo.

—Selene?

Repetiu incrédula ao comprobar que no cuarto non había ninguén, excepto ela mesma e o aire xélido do norte, que entraba pola fiestra aberta de par en par.

—Selene!

Exclamou enfadada como facía sempre que a súa nai lle gastaba unha broma pesada. Pero esta vez Selene non saíu de detrás da cortina, rindo coas súas ledas gargalladas, nin a apertou contra o seu peito para rodar xuntas sobre a cama medio desfeita.

Anaíd respirou fondo unha vez, dúas... e lamentou que o vento xa levara consigo o aroma a xasmín que impregnaba o cuarto de Selene, ese recendo que a ela tanto lle gustaba. Despois, cerrou a fiestra tremendo de frío. Nevara. A pesar de que maio estaba moi avanzado, e de que xa rebentaran os primeiros gromos primaverais, esa noite nevara. A lousa negra do campanario da ermida de Urt, na distancia, aparecía peneirada de branco, talmente coma un pastel de nata. Pensou que era un mal agoiro ao tratarse dun ano bisesto, e cruzou os dedos como lle aprendera a facer Deméter.

—Selene? —repetiu unha vez máis Anaíd, agora na cociña.

Pero alí todo parecía estar tal e como quedara a noite anterior despois da discusión, antes da tormenta e do pesadelo. Anaíd escrutou todo meticulosamente. Nin rastro dunha cunca de café no vertedoiro, nin unha galleta á que lle faltara un bocadiño, nin un vaso de auga bebido durante a noite. Non, Selene non puxera os pés na cociña. Segurísimo.

—Selene! —insistiu Anaíd, alzando a voz, cada vez máis nerviosa.

E seguiu chamando no soportal, na eira, e diante do antigo alpendre que servía agora de garaxe. Abriu a vella porta de madeira e detívose un instante no limiar, esforzándose en afacer os seus ollos á penumbra do interior. O coche estaba alí, cuberto dunha fina capa de po e coas chaves no contacto. Sen el, Selene non podía ir moi lonxe. Urt quedaba afastado de todas as partes e a medio camiño de todos os sitios. Era necesario coller o coche para ir á cidade, á estación do tren, ás pistas de esquí, á montaña, aos lagos e mesmo para ir ao supermercado que abriran nas aforas. Daquela..., se non collera o coche...

Na cabeza de Anaíd agromou unha sospeita. Regresou á casa e escudriñouna a conciencia. Efectivamente, as pertenzas de Selene estaban intactas. A súa nai non podería ir a ningún sitio sen abrigo, sen bolso, sen chaves e sen zapatos. A nena, cada vez máis preocupada, tivo a certeza de que algo non ía ben, e experimentou a mesma ansiedade que a atormentara a mañá da morte da súa avoa Deméter. Era absurdo, pero todo parecía indicar que Selene desaparecera só co posto, sen un miserable prendedor para o pelo, a medio vestir e descalza.

Co corazón desbocado, arrincou o seu groso anorak de plumas do colgadoiro da entrada. Púxoo de calquera maneira, comprobou que as chaves estaban no peto, pechou a porta e abandonou a casa ás carreiras. Na rúa, o vento xeadado coábase asubiando e zigzagueando polo estreito corredor que deixaban as casas, de grosos muros, construídas a resguardo do norte.

Urt, de casas de pedra con tellados de lousa, alzábase na cabeceira do val de Istain, ao pé dos Pireneos, rodeada de altos cumes e de ibóns xeados. Na praza, e orientada



cara ao leste para recibir no seu altar o primeiro raio de sol, erguíase a igrexa románica.

No alto, dominando o val e a entrada do desfiladeiro, divisábase unha torre en ruínas, morada de corvos e morcegos. Antigamente, o vixía permanecía alerta día e noite cunha única encomenda: manter aceso o facho co que prender a fogueira en caso de divisar o inimigo. A torre vixía de Urt era a torre nai de varios vales á redonda. O seu sinal avistábase desde seis localidades diferentes, e conta a lenda que a fogueira de Urt detivo o avance implacable das hostes sarracenas a través dos vales pirenaicos, alá polo século VIII, nunha fazaña ignorada e anónima.

Anaíd mantívose ao abrigo do vento ata que franqueou as ruínas das vellas murallas da vila. Unha vez a campo descuberto, recibiu a labazada do norte en plena cara. Dúas grosas lágrimas esvaráronlle polas meixelas, pero non se amedrentou; facéndolle fronte ao vendaval, enfilou o camiño da carballeira e non se detivo nin unha soa vez.

A centenaria carballeira amencera esa mañá cun aspecto penoso. Pólas esgazadas, troncos carbonizados, follas que se arremuiñaban polo chan, ramallos chamuscados... Aquí e acolá a tormenta deixara feridas que só o tempo podería cicatrizar. Anaíd, coa axuda dunha vara, esculcaba palmo a palmo o enlamado manto agrisado que cubría o chan. Temía encontrar o que con tanto afán buscaba. Temía tanto que o negaba unha e outra vez. Pero así e todo, e a pesar do seu pánico, facía o seu traballo concienciadamente. Propuxérase percorrer a carballeira de cabo a rabo, escrutando palmo a palmo todos os seus recunchos.

Buscaba o corpo de Selene.

Anaíd nunca podería esquecer a mañá en que desaparecera Deméter, nin a noite que precedeu a súa morte. Deméter, a súa avoa, morrera na carballeira nunha noite de

treboada, había pouco menos dun ano, cando regresaba de atender o que sería o seu derradeiro parto. Era parteira. Ao lembralo, Anaíd aínda notaba o sabor salgado das lágrimas que derramara por ela.

Aquela mañá, despois dunha aparatosa tormenta, o val amencera cuberto por unha bruma descolorida. Selene estaba inquieta porque Deméter non durmira na súa cama, e Anaíd sentiu un medo abstracto, impreciso. Selene non permitiu que a acompañara á carballeira. Quixo ir ela soa; cando regresou atarecida de frío e cos ollos cubertos por un veo de dor, non podía articular as poucas palabras que necesitaba para lle comunicar a morte da súa avoa. Pero non foi necesario, porque Anaíd xa o sabía. Notara o amargo sabor da morte subíndolle pola gorxa nada máis espertar. A súa nai, con moita dificultade, explicoulle que ela mesma encontrara o corpo de Deméter na carballeira. Despois calou. Selene, tan faladora de seu, quedou en silencio e non respondeu nin unha soa das preguntas que Anaíd lle fixo.

Nos días seguintes, a casa encheuse de familiares e amigos, que chegaron de todas as partes do mundo. Recibiron centos de chamadas telefónicas e de correos electrónicos, pero ninguén se atrevía a aventurar as causas da morte. Finalmente dixeron que a morte fora producida por un raio, e a médico forense, unha especialista que voou desde Atenas, así o certificou. O corpo estaba irrecoñecible. Deméter quedara tan carbonizada que Anaíd non lle puido dar un derradeiro bico antes de metela no ataúde.

Na vila falouse durante moito tempo do raio que alcanzou a avoa de Anaíd esa noite de tormenta eléctrica, pero ninguén se explicou nunca, nin sequera Anaíd, que facía Deméter na carballeira a esas horas da noite. O seu coche apareceu na estrada, aparcado ao lado da cuneta do camiño forestal, co cristal da porta do condutor baixado, os

faros de posición acesos e o intermitente pestanexando con insistencia.

Anaíd detívose, e o presente reinstalouse veloz entre as sombras das follas dos carballos. O seu pau batera con algo, un vulto cuberto por un montón de follas. Sen poder remedialo, as mans traizoárona e comezou a tremer coma un xunco. Viñéronlle á cabeza os consellos de Deméter para vencer o pánico cando este nos atenaza e se apodera da nosa vontade. Deixou a mente en branco e, moi lentamente, comezou a apartar as follas coas botas; por uns instantes contivo o alento, pero en seguida respirou aliviada: alí no chan, aos seus pés, xacía un corpo morto, aínda quente; pero non pertencía a un ser humano, era... era... un lobo, mellor dito, unha loba, xa que se distinguían perfectamente as súas tetas inchadas de leite. Os lobiños non debían andar moi lonxe. Pobres, sen o leite da nai, estaban condenados a morrer de fame. Anaíd pensou que ao mellor xa eran o suficientemente grandes como para sobrevivir coa axuda da manda. Observou o animal. Tratábase dun exemplar moi fermoso. O seu pelo, a pesar da lama que o cubría, era dun gris perla, suave e sedoso ao tacto. Sentiu pena pola pobre loba e cubriuna outra vez con follas secas, ramallos e pedras para evitar que acabase devorada polos animais preeiros. A loba estaba lonxe das montañas, baixara ao val aventurándose no territorio dos humanos e nel encontrara a morte. Por que baixaría ao val?

Anaíd mirou o reloxo. Eran as doce do mediodía. Decidiu que era mellor volver para a casa e comprobar se todo seguía igual. Ás veces, as circunstancias cambiaban inesperadamente, e aquilo que unhas horas ou uns minutos antes nos parecía tan terrible, de repente, deixaba de selo.

Confiado na remota posibilidade de encontrar a Seline na casa, iniciou esperanzada o regreso sen preocuparse

polo camiño que tomaba. A súa mala fortuna levouna a encontrarse cos compañeiros de clase, que saían naquel momento en tropel da escola. Dar explicacións ou buscar respostas convincentes para preguntas molestas era o último que desexaba facer naqueles momentos. Tampouco se vía con ánimos de lles facer fronte ás súas chanzas. Sen pensalo, deu media volta e saíu disparada en dirección á rúa da ponte. Virou por ela e xirou a cabeza para comprobar se os perdera de vista. Non se fixou en nada máis, por iso non viu o land rover azul que baixaba a costa, só escoltou un renxer de freos e sentiu un forte golpe na perna. Despois, un berro. E despois, nada.

Anaíd permanecía tendida no chan, atordada, sen poder moverse. A condutora do vehículo, unha turista vestida con roupa deportiva, cabelo louro, ollos azuis, acento estranxeiro, estaba axeonllada ao seu lado, lamentándose e apalpándolle o corpo.

—Pobriña, déixate estar, non te movas, tranquila que vou chamar unha ambulancia. Como te chamas?

Antes de que Anaíd abrise a boca, un coro de voces respondeu por ela.

—Anaíd Tsinoulis.

—A anana sabichona.

—A chapona da clase.

Anaíd quixo desaparecer de repente e negouse a abrir os ollos. Acababa de escoitar a voz de Marion, a rapaza máis guapa da súa clase e a que organizaba as festas máis macanudas. Festas ás que nunca era invitada. E tamén escoitara a voz de Roc, o fillo de Helena, co que xogara de pequena, pero que xa non lle falaba, nin a miraba, nin sequera a vía... Quería morrer.

Supoñía que todos os voitres da clase a estaban rodeando, cos ollos cravados na súa pobre figura, sinalándoa co

dedo, alegrándose da súa desgraza, véndoa pequena, anana, miserable, fea e tomando a broma o seu accidente...

Sentía tanta vergonza que quería morrer.

Desde que as rapazas da súa clase medraran e medraran e a deixaran atrás, ríndose da súa estatura de nena, Anaíd sentíase unha marciana. Nin Marion nin o resto de compañeiras a invitaban ás súas festas de aniversario, nin ás saídas nocturnas á cidade, nin compartían con ela os seus segredos, nin intercambiaban con ela a roupa ou os CD. E non era porque lle tivesen manía ou envexa por sacar mellores notas, senón porque nin sequera a vían. O seu problema, o seu gran problema, era que, a pesar de que xa cumprira catorce anos, medía coma unha nena de once e pesaba coma unha de nove.

Era invisible. Fose a onde fose, pasaba inadvertida, excepto na aula. Na aula brillaba con luz propia, e aí residía a súa pequena traxedia. Tiña a mala sorte de entendela todo á primeira e de sacar as mellores notas, así que, cando respondía as preguntas ou levaba un dez nun exame, os seus compañeiros burlábanse dela chamándolle a anana sabichona. E por riba, a súa intelixencia tamén molestaba a algúns profesores, e en máis dunha ocasión tivo que arrepentirse por non calar a tempo. Ultimamente xa non levantaba a man na clase, e incluso cometía algún que outro erro nos exames para baixar un chisco a nota. Pero tanto tiña, continuaba sendo a anana sabichona. E iso doía. Vaía se doía!

Anaíd, deitada no chan, só quería que marchasen dunha maldita vez e deixasen de observala cos seus ollos burlóns e pouco compasivos.

—Fóra de aquí, nenos, liscade! —ordenoulles a estranxeira.

A mesma voz doce e firme que se interesara polo seu estado, volvérase dura e inflexible. E fixéronlle caso. Os

rapaces da súa clase saíron en desbandada, e Anaíd, tirada no medio da calzada, escoitou como se afastaba o ruído dos seus zapatos ao correr polo chan empedrado das rúas de Urt. Corrían para propagar aos catro ventos a noticia do atropelo.

—Tranquila, Anaíd, xa marcharon —animouna a fermosa estranxeira.

Anaíd abriu os ollos e sentiuse reconfortada. O primeiro que viu foi un amplo sorriso cómplice e uns ollos azuis e profundos coma un lago, o recibimento máis agarimoso que unha nena puidese soñar despois da serie de sucesos tristes que estaba vivindo.

—Creo que non é nada —comentou, animada por un súbito optimismo, mentres observaba a perna ferida.

—Non, agarda, non te levantes! —intentou impedir a turista.

Pero Anaíd xa se puxera en pé dun salto e movía as articulacións, unha a unha, para demostrar que non tiña nada grave. Estaba perfectamente.

—Non o podo crer —falou baixiño a estranxeira mentres lle subía a perneira do pantalón e lle buscaba a fractura alí onde supoñía que recibira o impacto do land rover.

—De veras que estou ben, só foi unha rascadela. Mire —dixo Anaíd.

A nena amosou a perna e sentiu a suave caricia da man delicada, moi branca, sobre o seu xeonllo.

—Sube, creo que non é necesaria a ambulancia. Voute levar eu mesma ao médico —determinou a muller.

E colleuna da man para lle axudar a subir ao coche alugado.

—Non, non podo ir ao médico, non teño tempo —resistiuse Anaíd.

A estranxeira pareceu dubidar:

—Ten que verte un médico. Ao mellor hai que facer radiografías, probas...

Anaíd desculpouse con vehemencia:

—De verdade que me é imposible. Teño que ir inmediatamente á casa.

—Vale, pero acompáñote eu e falo coa túa nai.

—Non pode ser! —berrou Anaíd mentres botaba a correr pola rúa, xa totalmente recuperada da caída.

—Para aí! Agarda! —berraba a fermosa muller, desconcertada, sen saber que facer.

A nena desapareceu pola primeira rúa da esquerda e, ao cabo duns instantes, xa se apresuraba a abrir a porta da casa.

A pesar das súas esperanzas, a casa continuaba baleira. Selene non regresara.

Anaíd sentou no mexedor, que tempo atrás estaba reservado para Deméter, e balanceouse durante un bo anaco. O movemento reiterativo de botar o corpo cara a diante e cara a atrás bambeando a súa tristeza, freando o seu desacougo, acabou por tranquilizala e relaxar a súa mente. Non debía precipitarse, tiña que facer as cousas con orde, con método, unha tras outra. Selene tiña que estar nalgunha parte e, se non había forma de se comunicar con ela, podía, polo menos, intentar seguir a súa pista.

Antes de acudir a ninguén en busca de axuda, Anaíd imprimiu todos os correos electrónicos recibidos e enviados durante o último mes desde o enderezo da súa nai, apuntou relixiosamente o número das últimas cincuenta chamadas que constaban na memoria do seu aparello telefónico e copiou todos os movementos que rexistraban as súas contas bancarias, para estar segura de que non retirara cartos na última semana e de que non houbera ningún ingreso estraño durante o último mes.

Tamén comprobou a correspondencia que gardaba no seu escritorio, correspondencia basicamente editorial e bancaria, e revisou a súa axenda persoal, onde anotaba escrupulosamente citas, compromisos e nomes. Ao reparar os datos, decatouse de que o número de teléfono máis repetido nas chamadas recibidas e efectuadas correspondía a Xaca, a cidade máis próxima a Urt, a cidade á que Selene se desprazaba con certa frecuencia para ir de compras.

Anaíd marcou o número sen titubear. Ao outro lado da liña respondeu unha voz masculina: «Son Max. Neste momento non estou na casa. Se queres poñerte en contacto comigo, déixame unha mensaxe». Pero Anaíd colgou sen deixar ningunha mensaxe. Quen era ese Max? Por que Selene non lle falara nunca del? Era un amigo? Ou era algo máis ca un amigo? Nos seus correos electrónicos e na súa axenda, non obstante, non había rastro do tal Max, nin nada que destacar, excepto unha correspondencia cada vez máis íntima e frecuente cunha admiradora que se declaraba entusiasta lectora dos seus cómics e que lle pedía unha cita para poder coñecela persoalmente.

Asinaba S.

Gaia estaba corrixindo exames a carón do lume. Ás veces, como sucedera aquela tarde, prendíao sen necesidade, polo simple pracer de achegar as mans ás lapas e gozar da súa caricia. Estaba arrepentida de aceptar aquela praza de mestra en Urt. Tiña demasiados alumnos, o inverno duraba dez meses, e non lle quedaban nin ganas nin tempo para a música. Parecelle que sería un destino tranquilo, e que o illamento lle permitiría compoñer, pero equivocouse. E non era unicamente o frío o que facía morrer as notas, conxeladas, antes de que nacesen, eran as continuas interferencias que, unha tras outra, se producían na súa vida.



Enganáрана. Fora parar ao ollo do furacán. Estaba aborta nestes pensamentos cando chamaron á porta, e Gaia soubo, polo desasosego que sentía, que o peor aínda estaba por chegar.

A que viña de visita non era outra senón Anaíd, a filla de Selene, que faltara á clase durante todo o día. Precisamente acababa de corrixir o seu exame. Un bo exame. Demasiado bo. Por iso lle baixara un punto coa desculpa de que facía a letra demasiado angulosa. E non se trataba de que lle tivese unha especial manía á nena, non. Anaíd era tímida e pouco agraciada, pero non molestaba na clase. O que amolaba a Gaia era que Selene se apuntase todos os méritos da súa filla, e un dez era excesivo para a petulancia daquela roxa narcisista.

—Que pasa, Anaíd?

Anaíd non acababa de arrincar, tiña os ollos avermellados e parecía asustada. Gaia impacientouse e obrigouna a asoar os mocos e a beber un vaso de auga fría. Anaíd verteu parte do líquido sobre o xerseí. Non era fea. É máis, tiña uns ollos azuis, dun azul cobalto, magnético, que sempre exerceran unha estraña fascinación sobre ela. Pero era fraca e esmirrada, e tiña moi pouca graza, a pobre. E por riba, andaba sempre con eses xerseís enormes e con aqueles catro pelos ralos, moi curtos, asomando por debaixo daqueles gorros de la que tan pouco a favorecían. Realmente, a súa imaxe non era nada sedutora. Nunca comprendera o mal gusto de Selene á hora de vestir a nena e de lle cortar o pelo. Ninguén que as vira xuntas diría que a provocadora e atractiva muller de vistosa melena roxa puidese ser a nai daquela adolescente desgairada. Por fin pareceu que Anaíd reaccionaba.

—Selene desapareceu.

Gaia púxose a mil.

—Como dis? Cando?

Anaíd estaba confusa, e Gaia detectou que esquivaba a súa mirada con culpabilidade.

—Esta mañá cando me levantei non estaba, por iso faltei ás clases. Estívana esperando, esperando, pero non regresou.

Gaia sopesou a posibilidade de que Anaíd estivese equivocada.

—Seguramente a estas horas está no despacho de Melendres discutindo sobre a última entrega de Zarco.

Melendres era o editor dos cómics da súa nai, e Zarco, un dos seu heroes de ficción, que comezaba a ter un certo éxito.

Melendres e Selene levábanse coma o can e o gato e, cada vez que falaban de asuntos editoriais, as súas discusións podían durar horas e horas.

Anaíd negou esa posibilidade:

—Non foi á cidade, o coche está no garaxe.

—Ao mellor...

Pero Anaíd estaba moi segura do que dicía:

—Comprobei todos os seus zapatos e abrigos, e non falta ningún. E o seu bolso, coas chaves, as tarxetas e a carteira está no colgadoiro da entrada.

Gaia palideceu e colleu o teléfono ignorando a presenza de Anaíd. Mentres marcaba o número, sentía que a comía a rabia. Se tivese diante súa a Selene, sería capaz de darlle un par de labazadas, tiraríalle dos pelos ata arrincarillos un a un e pisaríalle os pés embutidos nesas botas de tacón de agulla, tan rechamantes e atrevidas. Por que? Por que non lle fixera caso? Estivera buscando a súa propia ruína desde había un ano, desde a morte da súa nai Deméter.

—Helena? Son Gaia. Mira, está aquí Anaíd e di que Selene desapareceu.

Gaia pareceu asombrada ao escoitar as palabras de Helena.

—Un accidente? —e dirixiuse a Anaíd—: Helena di que tiveches un accidente esta mañá, que te atropelou un coche.

Anaíd maldiciu no seu interior a Roc e a Marion e a todos os seus compañeiros.

—Non foi nada, só un pequeno golpe.

—Escoitáchela? De acordo, agardámoste.

Gaia colgou o teléfono, quedou mirando fixamente para Anaíd e sentiu pena por ela. Estaba soa e viñéranlle tantas desgrazas seguidas... Con todo, non estaba disposta a cargar coas equivocacións de Selene. Era a filla de Selene, non a súa. Pasou a vista polos seus exames, polo seu lume... e non puido evitar un ricto de contrariedade ao pensar en todos os problemas que lle ocasionaría calquera decisión que tomase.

—Vai vir Helena e vaite levar para a súa casa.

Anaíd regalou os ollos moi sorprendida.

—Temos que ir á policía.

—Non! —berrou Gaia.

Pero, ao ver o efecto contraproducente que a súa resposta causara en Anaíd, aclarou:

—Imaxina que ten problemas... con alguén. Sería un escándalo. Buscarémola nós.

—Pero...

—A túa nai é unha cabeza tola e fai moitas parvadas. Queres que ademais te sinalen co dedo pola rúa?

Anaíd calou. Sabía que Gaia, a pesar de ser amiga de Selene, lle tiña envexa. Envexaba a súa melena roxa e rizada, as súas longas pernas, a súa simpatía e o seu don de xentes. Non facía falta ser moi lista para decatarse de que Gaia, unha mestra de escola melindrosa, sería ca-

paz de vender a súa alma ao demo por ser coma Selene.

Helena, a bibliotecaria, a que lle proporcionou a Anaíd todas as lecturas infantís, chegou arquexando debido aos seus quilos de máis. Anaíd sentíase insegura na súa presenza, posto que era incapaz de distinguir cando estaba embarazada, cando acababa de parir e cando non estaba nin unha cousa nin outra. Calculaba, se non se equivocaba nas contas, que Helena debía ter xa sete fillos, todos nenos. O máis vello era Roc, e a posibilidade de convivir con el baixo o mesmo teito parecíalle un suplicio. Roc era unha fotocopia do seu pai, o ferreiro de Urt, forte, retranqueiro e moreno de pel e cabelo. Roc e mais ela xogaran moitas veces polas fragas que rodeaban a vila e bañáranse xuntos nas pozas do río. Pero iso fora había tempo, cando eran pequenos. Agora Roc tiña moto, vestía vaqueiros axustados, puxera un *piercing* na orella esquerda, ía á cidade os sábados e, cando se cruzaba con ela, miraba para outro lado, coma os demais, coma case todos.

Helena, a diferenza de Gaia, era cariñosa e o primeiro que fixo foi darlle unha forte aperta a Anaíd e asfixiala a bicos.

—Explícame, bonita, como foi?

—Non sabe nada —meteu baza Gaia.

—Ao mellor pódenos dar algunha pista, algo que nosoutras non saibamos.

Pero Gaia estaba indignada.

—Ben o sabiamos, ti, eu e todas. Sabiamos que antes ou despois isto ía ocorrer.

—Non te precipites.

—Que buscaba, entón, Selene con esas saias tan curtas e con esa longuíssima melena crecha, dun roxo tan intenso, sempre ondeando aos catro ventos? Que pretendía con esas reportaxes en Internet, deixándose entrevistar e foto-

grafar na súa casa, no seu estudio, facendo declaracións controvertidas sobre o mundo do cómic e permitíndose criticar determinados personaxes públicos? E iso por non falar das súas continuas multas por exceso de velocidade e das súas coñecidísimas borracheiras.

Helena interrompeuna azorada.

—Gaia, compórtate, por favor, que estamos diante de Anaíd.

Gaia tiña ganas de rebentar desde había demasiado tempo e aínda se permitiu unha última frase.

—A Selene perdeuna o seu ego.

Anaíd sentiuse obrigada a defendela.

—Selene é especial, é diferente... e eu quéroa moito!

A agresividade de Gaia conseguira facela valente, pero tamén precavida. Nese momento decidiu que non lle pasaría a ninguén a información que conseguira sobre os últimos movementos da súa nai.

Gaia deuse conta de que dera un paso en falso. Non soportaba a Selene, narcisista, namorada de si mesma, e parecíalle mentira que a pobre nena, á que eclipsara e arredara coma un moble vello, saíse agora na súa defensa. Suspirou.

—Síntoo moito, Anaíd. Eu non teño nada contra a túa nai, senón contra a súa maneira de comportarse, tan pouco discreta. É unha forma de... de buscar inimigos, de chamar a atención. Comprendes?

—Queres dicir que o motivo da súa desaparición foi esa entrevista en Internet? —inquiriu Anaíd con retranca.

Gaia arrepenhiuse de non calar a boca a tempo.

—Non, non, que va... ben eu... iso... non me fagas caso. Pero quero que saibas que eu admiraba moito a túa avoa. Deméter era toda unha dama.

Helena colleuna das mans.

—Anaíd, esta noite, escoitaches algo, intuíches algo... desagradable coma cando...?

Anaíd foi tallante, contundente. Nin sabía sequera de onde lle saía a forza que a levou a responder con tanta seguridade.

—A miña nai non está morta.

Gaia e Helena suspiraron aliviadas. A certeza de Anaíd non admitía dúbidas.

—Como o sabes?

—Seino, e punto.

Helena tomou asento nunha cadeira e permaneceu pensativa uns instantes.

—Verás, Anaíd, imos facer unha cousa. Nosoutras dúas ímosche axudar a buscar a Selene, pero ti tamén tes que colaborar. En primeiro lugar, témosche que pedir unha cousa moi difícil para unha rapaza tan curiosa como es ti.

—Cal?

—Que non fagas preguntas.

Anaíd tragou cuspe. Necesitaba unha soa razón para convencerse de que a súa discreción podía contribuír a encontrar a Selene.

—Está metida nalgún problema?

Helena e Gaia cruzaron unha mirada e asentiron.

—Así é.

—Está ben, non farei preguntas. E en segundo lugar?

—Que non fales con ninguén deste tema, con NINGUÉN. Entendido?

Anaíd aceptou. Necesitaba beber cada palabra de Helena para saber que a desaparición de Selene estaba dentro dos parámetros posibles da lóxica. E así era.

—E que diremos en Urt?

—Diremos... diremos que Selene tivo que marchar de viaxe. A Berlín, por exemplo. Gústache Berlín?

Anaíd asentiu.

—E mentres non regresa?

—Mentres non regresa serei eu quen me ocupe de ti  
—afirmou Helena.

—Onde durmirei?

—Pois... pois con...

—Non podoo durmir con Roc —berrou cunha certa desesperación Anaíd.

—E por que non? Sodes amigos.

Anaíd sentiu que lle fallaban as forzas. O peor que lle podía pasar neste mundo non era que a súa nai desaparecese de repente, senón que a obrigasen a pasar a vergonza máis grande da súa vida ao compartir cuarto con Roc.

—Non, non somos amigos.

—Pois se xa non o sodes, agora tedes ocasión de reconciliarvos. Que che parece?

—Fatal.

Helena suspiroiu e colocou a man sobre a barriga. Anaíd fixouse. Movíase? Si, efectivamente, o enorme barrigón de Helena axitábase inquedo. Debía estar embarazada unha vez máis.

Gaia, para librarse da súa mala conciencia, acariñoulle o pelo coa man, tensa. Un intento de aproximación que, vindo dela, significaba un enorme esforzo.

—Anda, acompáñote á casa para que recollas as túas cousas, pero antes debes comer algo, que seguro que non probaches bocado en todo o día.

E sacou un polo frío e unha verdura que requentou, e que Anaíd, a pesar de que odiaba as verduras, agradeceu. Non comera nada desde a noite anterior.